



XXIII Concurso de Jóvenes Diseñadores
XXVI Mostra do Encaixe de Camariñas – 2016

Datos del/de la solicitante:

Apellidos		Nombre		DNI	
Dirección			Localidad		
Provincia		Código Postal		País	
Teléfonos de contacto		Correo electrónico:			

Colección:

Nombre de la colección con la que concursa:

Modalidad de la colección:

Participa como alumno/a?:

SI	Nombre de la academia: _____ Presentar copia de matricula
NO	Presentar declaración jurada de no ser profesional en el mundo de la moda

Documentación complementaria:

<input type="checkbox"/>	Fotocopia del DNI
<input type="checkbox"/>	Currículum
<input type="checkbox"/>	Fotocopia matrícula
<input type="checkbox"/>	Declaración jurada

Firma del/de la solicitante:

_____, ____ de _____ de 200__



O CONCELLO DE CAMARIÑAS,
a través da
XXVI MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS

CONVOCA

O XXIII Concurso de Noveis Diseñadores de Moda, que se celebrará durante a
“XXVI Mostra do Encaixe de Camariñas”, do 23 ao 27 de marzo de 2016.

I. PARTICIPANTES

Poden concorrer a esta convocatoria tódolos noveis deseñadores, nos que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Poden intervir os alumnos e as alumnas que estudien en centros, escolas e academias que impartan ensinanzas de deseño e técnicas de confección, teñan ou non, os seus estudos rematados.
- b) Todas aquelas persoas, vinculadas ó mundo do deseño, que aínda sendo profesional no campo da moda por manter unha relación contractual ou autónoma con algunha empresa do sector, non formen parte do equipo de deseño da mesma. Dita circunstancia debe ser acreditada coa correspondente declaración xurada.

II. CONDICIÓN XERAIS

- 1) As coleccións versarán sobre **PRIMAVERA - VERÁN 2016**.
- 2) Cada participante ou grupo, presentará **unha colección de 4 deseños de moda masculina ou feminina**, incorporando **Encaixe de Camariñas** neles. Todos aqueles deseños que presenten outro encaixe diferente, non serán aceptados.
- 3) A modalidade á que poden optar é libre tanto para **moda masculina como feminina**, con tódalas súas variantes: rúa, festa, noiva, lencería, etc.....
- 4) Cada unha das pezas e accesorios deberá levar no seu interior **unha etiqueta** que identifique o nome da colección.
- 5) As coleccións presentadas **non puideron ser premiadas** noutros certames de moda.
- 6) A **calidade das memorias** será **valorada** polo xurado. A puntuación obtida sumarase á valoración da confección, deseño e aplicación do encaixe.

7) Na memoria deberase **definir** os tecidos utilizados e os complementos para cada un dos deseños presentados; no caso de que os materiais descritos non coincidan cos empregados nas prendas será motivo de eliminación.

8) Presentarase **unha memoria por colección**.

9) **Formato da memoria:** os participantes presentarán os seus deseños en láminas de formato DIN A-3 ou A-4, con **deseño de fronte e posterior**.

10) Xunto coa memoria deberase entregar un **sobre pechado** có nome da colección, no seu exterior, e, no interior, a folla de inscrición que se lle adxunta, debidamente cuberta, fotocopia do DNI por ámbalas dúas caras e currículo do/a autor/a e a declaración xurada no caso de ser necesaria.

11) **En ningún caso** nos deseños e memoria das coleccións presentadas deberán figurar **datos que identifiquen** ós deseñadores, para **garantir o anonimato** en todo momento.

III. INSCRICIÓN

Os participantes deberán presentar ou enviar a memoria e o sobre citado anteriormente en/ a:

CONCELLO DE CAMARIÑAS (XXVI Mostra do Encaixe),

Praza Insuela, 57.

15123 CAMARIÑAS (La Coruña).

Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O **prazo** de presentación das solicitudes será ata o **1 de decembro de 2015**.

O Concello de Camariñas reserva o dereito de anular o concurso, se as memorias recibidas non reúnen un mínimo de calidade ou o número de memorias recibidas non é o suficiente para organizar un desfile.

IV. DESENVOLVEMENTO

Dado o limitado número de prazas **seleccionaranse as memorias presentadas**.

O Concello de Camariñas comunicará a lista de memorias admitidas ó concurso antes do día **17 de decembro**.



Todas as memorias **seleccionadas recibirán unha cantidade de encaixe** por valor de **300 euros**, segundo catálogo e tarifa establecida de antemán polas asociacións de encaixeiras do municipio de Camariñas, catálogo que se lles fará chegar no caso de que desexen participar. O encaixe que se lles subministrará estará realizado en algodón e en cor branco.

Os seleccionados confeccionarán a colección cos seus catro deseños propostos, para desfilar na pasarela da XXVI Mostra, desde o xoves ao domingo, cun promedio de 2 a 3 desfiles diarios. Os concursantes que poidan asistir á Mostra poderán estar no backstage atendendo as súas coleccións.

A organización da Mostra e a da Pasarela non se fará responsable de posibles deterioros por uso durante os desfiles (por exemplo descosidos, botóns desprendidos, manchas de maquillaxe, ...)

As pezas confeccionadas terán que chegar ó Concello de Camariñas antes do día **15 de marzo do 2016**. Cada conxunto debe de ir con percha e acompañado de unha ficha, onde conste o nome da colección, os complementos e as pezas que formen dito conxunto (no caso de ter algunha colocación especial debe de indicarse claramente) e o nome da modelo que se lle adxudicou.

As prendas confeccionadas deberán ser remitidas a:

**CONCELLO DE CAMARIÑAS (XXVI Mostra do Encaixe),
Praza Insuela, 57.
15123 CAMARIÑAS (La Coruña).
Teléfono. : (981) 737004-736000**

**REXEITARANSE TODOS AQUELES TRABALLOS QUE NON CUMPRAN AS
CONDICIÓN DO CONCURSO.**

V. XURADO

O xurado, previa **valoración das memorias, confección, deseño e encaixe (elección, distribución e aplicación)**, dictaminará os premios.

A composición do xurado, darase a coñecer no momento axeitado e estará composto por personalidades do mundo da moda ou que teñan relación con ela dalgún xeito.

A decisión do xurado será inapelable.

VI. PREMIOS

O XXIII Concurso de Noveis Diseñadores estará dotado dos seguintes premios:

1º premio: 2104 euros e diploma.

2º premio: 1202 euros e diploma.

3º premio: 601 euros e diploma.

Ademais, haberá un **premio especial de 601 euros**, que será elixido polo **público** que participe nos desfiles.

O comité organizador entregará os premios coincidindo coa xornada de clausura da Mostra.

Asemade, farase entrega a cada un dos participantes no concurso dun diploma que acredite a súa participación no XXIII Concurso de Noveis Diseñadores.

O xurado poderá deixar deserto un ou máis premios se estima falta de mérito nos traballos presentados, e a súas decisións serán inapelables.

VII. DEREITOS

As obras galardoadas cos tres primeiros premios quedarán en poder do Concello de Camariñas para a súa presentación en desfiles, exposicións e diversos actos durante 2 anos; sempre figurará o nome do autor. Durante este período se o deseñador precisa da colección para participar en outro evento a organización da Mostra enviaralle a colección para o evento solicitado.

As memorias serán entregadas na clausura da XXVI Mostra ou enviadas por correo ós participantes que as soliciten.

Queda implícita a autorización dos autores das obras seleccionadas para a reprodución e publicación de imaxes ou contidos destas por parte do Concello de Camariñas ou calquera que estime oportuno.

Queda implícito na participación desta convocatoria a aceptación do contido das bases.

Calquera dúbida sobre a súa interpretación, ou calquera modificación desta, será resolta polo comité organizador da Mostra do Encaixe.